



## O Parlamento de Galicia leva a Ferrol a exposición sobre os autores homenaxeados desde a instauración do Día das Letras Galegas

- A mostra “51 páxinas das nosas letras” será inaugurada este venres no Centro Sociocultural Fundación Novacaixagalicia, coa colaboración do Club de Prensa de Ferrol, e permanecerá aberta ao público ata o 12 de marzo
- Está organizada pola Cámara Galega coa colaboración da Real Academia e a Xunta de Galicia con vocación itinerante

**Santiago, 20 de febreiro de 2014.-** A exposición “51 páxinas das nosas letras”, organizada polo Parlamento de Galicia para poñer en valor as figuras dos escritores e escritoras galegos homenaxeados durante o medio século de historia do Día das Letras Galegas, chegará este venres, 21 de febreiro, a Ferrol, onde continúa o seu percorrido pola xeografía galega, logo de ser inaugurada na sede da Cámara autonómica o pasado 2 de decembro.

A titular do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, presidirá o acto inaugural, que tamén contará coa asistencia do alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela; o presidente da Real Academia Galega, Jesús Alonso Montero; o presidente do Consello de Estado, José Manuel Romay; a presidenta do Club de Prensa de Ferrol, María Ares; e o secretario da Mesa do Parlamento, José Manuel Balseiro, entre outras personalidades que confirmaron a súa asistencia ao acto.



A mostra quedará aberta ao público no Centro Sociocultural Fundación Novacaixagalicia de Ferrol ata o 12 de marzo. Para levar a mostra a esta cidade, o Parlamento conta coa axuda da Fundación Novacaixagalicia e do Club de Prensa de Ferrol. Está integrada por un perfil biográfico de cada un dos homenaxeados desde 1963, cando a Real Academia Galega, por proposta de Francisco Fernández del Riego, instaurou a celebración do Día das Letras Galegas cada 17 de maio.

A exposición inclúe tamén un vídeo divulgativo e cadansúa medalla (un altorrelevo en resina), obra do debuxante e caricaturista Siro López e o escultor Manuel Ferreiro Badía, que tamén asistirán ao acto inaugural. Estas medallas forman parte da colección artística do Parlamento de Galicia.

### **Itinerante**

A mostra, organizada polo Parlamento de Galicia coa colaboración da Real Academia Galega e da Xunta de Galicia, xurdiu con vocación itinerante, e está previsto que poda ser visitada en diferentes localidades.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.